



A entrevista

Carlos Santos Guerrero

Coordinador do Proxecto Symbios

Symbios está encarando a súa recta final. Cal é o papel que xoga o Seminario de maio de 2015 nesta fase?

Despois dunha primeira fase de diagnose teórica sobre o cambio demográfico e o seu impacto na inclusión social e dunha segunda fase práctica na que se deu voz a diferentes iniciativas que, cos pés na terra, teñen éxito na abordaxe destes problemas, agora, no terceiro seminario, trátase de acadar conclusións orientadoras da acción pública, a partir do que fomos aprendendo ao longo deste percorrido.

Se houbera que expresalo nunha única frase, cal sería o balance do Proxecto Symbios?

Symbios afondou, de forma pioneira, no concepto de exclusión territorial e incorporouno na axenda da Administración, explorando as posibles estratexias e boas prácticas para incluír o elemento territorial e a realidade do declive demográfico na Estratexia Galega de Inclusión Social 2014-2020 e na futura Carteira de Servizos Sociais de Inclusión.

Que efectos terá o Proxecto Symbios máis alá da súa finalización? Que liñas de traballo consideras que se abren tras este proxecto?

O Proxecto Symbios xa foi tendo efectos perdurables, como visibilizar e poñer en valor iniciativas exitosas contracorrente, que poden servir de modelo inspirador. Algunhas desas iniciativas poden escalar ou transferirse a outros ámbitos.

Outro aspecto importante é o intercambio e a colaboración con outras rexións europeas, o que se traduciu nunha aprendizaxe mutua, no intercambio de coñecementos e no xurdimento de novas ideas. Esta colaboración debe perdurar no tempo.

Por último, a esencia do Proxecto Symbios é facilitar a interacción entre axentes e persoas que traballan desde diferentes niveis: desde a iniciativa cidadá, individual e colectiva, ata os diferentes niveis da Administración, e tamén incorporando as achegas desde o ámbito científico universitario. Esta conexión de diferentes perspectivas foi clave, porque se comprobou que permite extraer conclusións significativas e produce innovación social. Polo tanto, sería moi importante darlle continuidade a esta interacción de perspectivas e niveis diferentes en torno ás consecuencias do cambio demográfico e, nomeadamente, á exclusión territorial.